

# María Victoria Moreno critica os contidos moralizadores dos libros para nenos

Artigo de Ana López sobre a charla-coloquio que impartiu María Victoria Moreno nas  
“Primeiras Xornadas dos Comités Abertos de Estudiantes”.  
Fonte: *Diario de Pontevedra* o 22 de marzo de 2000



**Consello da Cultura Galega**  
Comisión de Igualdade

Victoria Moreno critica os contidos moralizadores dos libros para nenos

## “Todo cabe na literatura coa condición de que estea ben tratado”

“A calidade é o que debe caracterizar a literatura para nenos”, afirma a escritora María Victoria Moreno. A autora de significativas obras dirixidas á mocidade, coma “Anagnórise” ou “Guedellas de seda e li-

ño”, participou onte nas I Xornadas que os Comités Abertos de Estudiantes celebraron en Pontevedra. Victoria Moreno dirixiu ós xóvenes unha entretida charla-coloquio na que explicou cales deben ser as bases da lite-

ratura actual e centrándose especialmente na dirixida ós mozos e nenos. A escritora combina o seu labor coma creadora de historias coas clases de Literatura Española que imparte no instituto Torrente Ballester.

Ana López ■ Pontevedra

“Se damos ós nenos a mellor comida que hai e en vestilos gastamos máis ca en nós mesmos, tamén temos que lles ofrecer boa literatura”, di convencida María Victoria Moreno.

Segundo a escritora, a moralidade é a moda son o que diferencian a literatura actual da de fai algúns anos. Ó seu xuízo, isto non significa que os contidos dos libros para nenos de hoxe en día sexan alleos a algún tipo de principios. “A maior parte dos autores para nenos tamén están atados”, puntualiza comparando a literatura dirixida ó público adulto e á do infantil.

Victoria Moreno critica que os propios escritores se deixen influenciar polas liñas que lles marcan as editoriais. “O final, dependen do politicamente correcto, é dicir, a igualdade dos sexos, os dereitos da muller, a ecoloxía... aspectos todos eles que se introducen como pastillas de moralina” lamentase.



A escritora María Victoria Moreno participou nas I Xornadas dos CAE en Pontevedra

RAFA FARIÑA

## Os pequenos de hoxe en día len cada vez máis en lingua galega

María Victoria Moreno cre que os libros dirixidos ós máis pequenos non deben estar pragados de contidos moralistas. “Os nenos teñen que aprender estas cousas na casa ou na escola e a literatura se lles debe ensinar a amar as palabras”, afirma rotundamente.

Na súa opinión, o bo libro ofrece “palabras feitas arte” que fan que os rapaces queiran ler.

Nembargantes, a autora subliña que a vida, como algo serio que é, así coma calquera dos seus episodios, pode ser obxecto de literatura sen ter que recurrir á coacción moralizante. “Eu non aposte por nada. Defendo a literatura-literatura: a beleza da paisaxe, de vida, das persoas e das palabras. Todo cabe coa condición de que estea ben tratado”, puntualiza.

### A cultura audiovisual

Victoria Moreno asegura que os nenos de hoxe en día len máis ca os de tempos pasados, especialmente en galego.

Asemade, considera que a cultura audiovisual significa un perigo para o estudo, a práctica de deportes ou doutras actividades de ocio, mentres que a lectura non se ve afectada. “Ó que lle gusta ler, vai facelo igual”, apunta.

A escritora explica que os seus proxectos como creadora dependen exclusivamente do tempo libre c que conta para poder expresalos.